

HAI QUE SABER QUE...

Un incendio libera un espeso fume negro que provoca unha escuridade total imposibilitando a orientación.

O fume e os gases tóxicos producen máis vítimas que as lapas.

A calor producida nun incendio eleva a temperatura dos materiais provocando a propagación do lume e danos ás persoas e aos bens.

É vital ser alertado a tempo, de aí a importancia dos detectores de fume.

LEMBRE

A práctica da autoprotección polos cidadáns, ademais de favorecer a cada un deles, xera a seguridade do colectivo.

Ante calquera situación de emerxencia chame ao teléfono



Para máis información
www.112galicia.org



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

INCENDIOS URBANOS



QUE FACER EN CASO DE EMERXENCIA

A loita máis eficaz ante os incendios é a axuda que un se pode prestar a si mesmo.

O lume é máis rápido, é posible que para cando poidan chegar as axudas externas sexa demasiado tarde.

Medidas de prevención

Manteña os mistos e os chisqueiros fóra do alcance dos nenos.

Non garde produtos inflamables (alcohol, papeis, tecidos) preto dunha fonte de calor.

Comprobe o bo estado dos extintores.

Infórmese das instrucións en caso de incendio no edificio onde vive e no seu lugar de traballo.

Non fume cando manipule un produto inflamable.

En caso de incendio

- Avise os equipos de socorro.
- Nun lugar público, dea a alarma e proceda á evacuación seguindo as saídas de emerxencia indicadas.
- Vaia rápido, pero sen correr, e non empregue o ascensor.
- Evite as correntes de aire, avivan o lume.
- Corte a corrente eléctrica se o lume afecta a unha instalación eléctrica.
- Ataque a base das lapas se ten un extintor á man.
- Se un líquido se inflamou, sufoque o lume con panos mollados.
- Se o lume está dentro dun recipiente, tápeo.
- Se se prende a roupa dunha persoa, fágaa rodar polo chan.
- Se se atopa nun local cheo de fume, avance a catro pés, a temperatura é mais baixa e o aire máis limpo.
- Se hai lume ou ben fume detrás da súa porta, manteña pechada e tape as fendeduras con panos mollados.
- Fágase ver pola ventá se non pode saír do edificio.

EMERXENCIAS POLO GAS NO DOMICILIO

Nun domicilio pode haber un escape de gas, principalmente de butano, propano ou gas natural, que si se almacena en espazos pechados, e por mor dun punto quente pode producir a súa inflamación ou explosión.

Por si mesmo non son tóxicos pero desprazan o osíxeno do aire, e detéctanse polo cheiro que desprenden debido aos odorizantes engadidos polos fabricantes.

Que facer en caso dunha fuga de gas

- Desconectar a electricidade.
- Abandonar a vivenda si é posible deixando as fiestras abertas.
- Chamar ao 112.

EMERXENCIAS POLO MONÓXIDO DE CARBONO

Outro problema existente pode vir pola mala combustión dos aparatos, desprendendo monóxido de carbono que é un gas altamente tóxico, tamén é producido por braseiros ou lareiras mal apagadas ou en garaxes onde estea en funcionamento vehículos.

O monóxido de carbono non ten cheiro nin cor polo que non é posible detectalos sen aparatos específicos.

Hai que vixiar o bo funcionamento dos aparellos, unha cor amarela ou vermella pálida da chama, indica unha mala combustión.

Síntomas de intoxicación

Mareos, dor de cabeza e adormecemento.

Que facer ante as sospeitas da presenza de monóxido de carbono

- Abrir portas e fiestras.
- Abandonar a vivenda.
- Chamar ao 112.